

REPORTAJE: Luces

Cultura na sala de estar

Concertos en pisos ou exposicións no recinto onde vive o pintor - A crise e a Rede empuxan á xente cara a modos pequenos de relacionarse a través das artes

ALFONSO PATO 04/03/2011

Nun piso de Vigo, varios artistas plásticos reúnen e deciden montar a exposición *Viejóvenes valores* para mostrar as súas creacións ocupando cocina, váter ou salón. Moi cerca deste piso, o músico Nicolás Pastoriza comezará en breve un ciclo de actuacións na terraza da súa casa. En Santiago, os singulares concertos da *Habitación de Felucas* son, logo dun ano, un dos espazos creativos mais orixinais da cidade, e o actor Rubén de Marina busca saídas a súa peza teatral *Bruxismo*, representándoa a domicilio nos salóns de casas particulares. Son algúns exemplos de como, en tempos de interminables debates sobre o xeito de encher de contidos megaespazos como a Cidade da Cultura, paradoxalmente, xorden grupos de artistas que reivindicando o microespazo doméstico e demostran que hai outro xeito de enfrontarse ás accións culturais. Son minieventos orixinais, indiferentes ante o vaivén das subvencións e cun obxectivo claro por enriba de calquera outro: ganas de expresarse e dar a coñecer as súas creacións, aínda que o aforo só dea para -unha ou dúas ducias de persoas.

"Queríamos montar un evento e facelo nós de principio a fin. Non pararse a pensar nunha sala de exposicións, porque xa tiñamos unha casa, e apetecíanos traballar no reparto de espazos e organizala", explica o artista Germán Pintos, que nestes días expón as súas instalacións nun antigo piso na zona de Churruca, unha das zonas de copas mais concorridas de Vigo. A exposición *Viejóvenes Valores*, reúne a nove artistas, entre os que hai fotógrafos, escultores, pintores ou ilustradores, que "tomaron" coa súa obra todos os espazos deste piso ó que decidiron bautizar como o Falcón Milenario. Desde a cocina ata o corredor, e desde o váter ao salón, toda a casa foi invadida coas obras destes artistas, que andan nos "trinta e tantos", bromea Pintos. A pesar de que a casa só se abre os venres, de 20 a 23 horas (Rúa Cervantes 18, 1º), a iniciativa está a ter un éxito que está desbordando ao propios organizadores. "Inauguramos hai unha semana, e houbo tanta xente e espertou tal expectación nos medios que xa nos están pedindo para facer mais cousas *a posteriori*", explica Germán Pintos, que o mesmo día da inauguración chegou tarde e tivo que esperar na rúa debido á xente que ategaba o piso.

Por que unha exposición colectiva nos espazos dun piso lle interese tanto á xente? "Paréceme que o público está saturado do prefabricado, do consumo masivo e dos hipermercados culturais. Eu non renego deles, pero ese aspecto mercantil quítalles frescura e autenticidade, xusto o que ofrecemos na nosa exposición. É como falar de *fast-food* e de *slow-food*, e isto é para degustar con calma", teoriza Pintos, ao tempo que explica como "este tipo de iniciativas en Europa están a orde do día".

En Holanda naceu *Live in the living (Ao vivo no salón)*, unha destas iniciativas de pequeno formato, que hai uns meses tivo a súa extensión galega. Ao músico Rick Treffers, líder da banda Mist, ocorréuselle dar concertos en salóns de casas particulares, onde non entraran mais de 20 persoas. Empezou en Holanda, e logo expandiu a súa idea a Alemaña, e posteriormente a Madrid e Barcelona. Coñecedor da idea, o crítico musical Xavier Valiño contactou co músico e cedeu para o evento a súa casa do concello coruñés de Teo. Valiño convidou aos grupos galegos Nadadora e Nouvelle Cousine a tocar na súa casa, para un máximo de 40 persoas, tocando sen micros nin amplificadores, volvendo á esencia da música. "Isto non é para facer todos os días, pero a moita da xente que veu gustoulles a idea e xa querían facer algo semellante", explica este crítico musical lugués colaborador de *Ruta 66* ou *Mundo Sonoro*.

Valiño ten a súa teoría sobre o fenómeno dos microeventos: "As multinacionais musicais xa non son o que eran, e estas cousas minoritarias móvense moi ben nas redes sociais e espállanse con facilidade. Asisten poucas persoas físicamente pero pode ter tanta repercusión e promoción como algo moito mais grande". Nesta mesma liña está a opinión do sociólogo Xosé Ramón Nóvoa, responsable de distintos proxectos de comunicación, como o blog de tendencias *hellogalicia.com*. "Está habendo unha volta mais de parafuso, que ten moito que ver coas redes sociais e co xeito de amplificar as cousas pequenas, como se fose o alternativo do alternativo", explica Nóvoa, coñecedor e seguidor de canto proxecto orixinal se move en Galicia.

"Ante todo hai unha necesidade de expresarse e actuar nun salón dunha casa é un xeito diferente de mostrar o teu traballo", di Rubén de Marina, actor galego que nestes momentos representa en Madrid a obra *Bruxismo*, que el mesmo escribiu. Co seu compañeiro Alvar Zarco e a súa compañía Fotosíntesis Teatro, De Marina representa a súa obra en pequenos espazos teatrais, ao tempo que explora con gran aceptación un novo e orixinal circuito: os salóns das casas particulares. É o seu particular xeito de abrirse camiño no difícil mundo da interpretación.

"En vez de facerlle a alguén un agasallo dun anel ou un reloxo, pois agasállano cunha obra de teatro na casa, e xúntanse 20 ou 30 persoas no salón vendo a obra", explica este actor do Porriño que xa leva cerca dunha decena de representacións en diversos domicilios da capital. En cada representación só precisa dun sofá e dun equipo de música, e a obra ten un prezo duns 300 euros. A mediados de xuño poderase ver *Bruxismo* no Teatro Ensalle de Vigo, cidade onde xa pechou dúas actuacións en casas particulares, ademais doutras ofertas que está a recibir para actuar nese mes en diversas cidades de Galicia. En Madrid, os espazos dedicados ó microteatro causan furor nos últimos meses, con casas dedicadas por enteiro a representacións teatrais, sempre inferiores a 15 minutos, ás que un grupo reducido de público vai asistindo de cuarto en cuarto.

"Como actor é unha experiencia increíble, de expoñerse moito, porque a xente está aí pegada a ti, dentro da túa historia, seguíndoa moi preto e igual é xente que habitualmente non vai ao teatro. Entrás na casa sendo un actor e saes sendo un membro da familia e só por iso paga moito a pena vivilo", explica sobre a experiencia persoal deste formato que naceu de xeito espontáneo, ensaiando no propio salón da súa casa.

Esta mestura de público, entre cálida e extraña, que se da neste tipo de microeventos, ten algunhas variantes: a veces, o espazo é tan reducido que só dá para convidar aos colegas, como pasa coa Habitación de Felucas en Santiago, unha habitación sen mais, na que o seu propietario, Félix Casteleiro, *Felucas*, se dedica a convidar grupos a tocar no seu dormitorio, para logo colgar os videoclips na rede. "Isto facémolo como un xeito de compartir unhas *birras*, compartir a música que se está facendo e tratar de dalo a coñecer a outra xente", explica Felucas, resumindo a filosofía do seu inclasificable habitáculo, co cal leva axitando a escena musical hai xa cerca dun ano.

"Agora xa se fixo demasiado coñecido e xa sabe todo o mundo onde vivo, o peor é que tamén se enteraron os veciños e só hai *show* unha vez ao mes", bromea Felucas. Por esta habitación pasaron punkis como Novedades Carminha, hip-hopeiros como Malandróna ou *ye-yés* como Los Chavales, cuxas actuacións están colgadas na web *opachavales.com*. "Como non hai medios nin cartos para promocionar certas cousas, a xente fainas como pode e así saímos adiante. Hai xente que segue o nos proxecto en Estados Unidos ou Corea e iso xa nos satisfai", comenta o promotor deste singular espazo ubicado no casco histórico de Santiago e que acolle aproximadamente a unha ducia de persoas en cada actuación. "O mellor de todo é que os grupos aluncinan coa experiencia e o público marcha moi contento, é un concepto diferente", explica Felucas, nunha opinión que comparten tamén outros dos organizadores deste tipo de minieventos.

"Dá a impresión que se fixésemos *Viejóvenes valores* nunha sala de exposicións normal non viría a xente que veu visitar os espazos do piso, e seguramente está a ter moita mais repercusión do que tería noutro sitio", explica Germán Pintos no que se refire ao caso da súa exposición colectiva. Non é o caso das actuacións musicais. Para o crítico Xavier Valiño, detrás da emerxencia deste tipo de pequenos espazos existen outros problemas. "As salas de concertos están a cobrar alugueiros moi elevados,

daquela é mais doado e igual mais efectivo facelo no salón da túa casa. Total, hai concertos en salas grandes nos que somos 30, case igual que nun salón, coa diferenza de que o salón aínda é máis cálido e máis cercano", ironiza este crítico musical. O sociólogo Xosé Ramón Nóvoa aporta outra peculiar teoría á moda de facer actividades en pequenos espazos. "Isto é como se che gusta moito un artista que non é coñecido, e de repente entra nos *40 Principales* e vólvese moi masivo. Cando o escoita todo o mundo a ti xa non che interesa. No fondo encántannos as minorías, que teñen como un punto de exclusividade", explica este especialista en tendencias. Nóvoa remata cunha irónica sentenza: "Claro, estas propostas tamén levan a etiqueta de *cool*, que iso vende moito". Se teñen un salón, unha boa terraza, unha habitación ou un espazo singular, xa o saben, a súa case pode ser unha factoría cultural en potencia.

© EDICIONES EL PAÍS S.L. - Miguel Yuste 40 - 28037 Madrid [España] - Tel. 91 337 8200